

2009

# RAPILÁN

C.P.I. RAMÓN PIÑEIRO

POBRA DE SAN XIAO

ANO XXVII N° 46



# Letras Galegas

## DE “CONCEPCIÓN ARENAL” A “RAMÓN PIÑEIRO”

O centro foi pioneiro na comarca na reivindicación da figura de Ramón Piñeiro como personaxe ilustre e comprometido co galeguismo.

No curso 1991/1992 sendo director D. Jaime Lago Rodríguez o Claustro de Profesores aprobou solicitar ao Consello Escolar do centro o cambio de nome do mesmo.

Aprobada a solicitude, o día 8 de maio de 1992 fíxose no centro unha homenaxe a Ramón Piñeiro e descubriuse unha placa co seu nome. Neste acto estiveron presentes ademáis do Claustro e as autoridades educativas a irmá, un irmán e unha sobriña, que aparecen nas fotos desta páxina.





# ÍNDICE

1

LETRAS GALEGAS

REPORTAXES

16

29

ENTREVISTAS

DEPORTES

34

36

DEBUXOS E COMICS

CONTO E POESÍA

46

50

MÚSICA

CINÉMATHEQUE

52

55

PASATEMPOS

## AGRADECIMENTO

Un ano máis a nosa revista chega aos fogares de toda a comunidade educativa. Este é un ano especial para nós porque se lle adica o día das Letras Galegas a un home da nosa comarca D. Ramón Piñeiro López, escritor , político pero sobor de todo filósofo, filósofo do pobo galego, porque soubo coma ninguén entender, expoñer e defender a nosa cultura, a nosa identidade e a nosa valía con orgullo e valentía nos anos de apertura á democracia, pero sobre todo nos tempos difíciles da posguerra.

O lema deste curso foi para nós que todos os alumnos/as matriculados no noso centro coñecesen máis de preto este veciño tan ilustre , e cos seus traballos e as nosas aportacións , valorasen e preciasen o moito que significou na historia de Galicia a figura de D. Ramón Piñeiro.

O noso centro leva o seu nome, dende o ano 1992, á proposta do Claustro de Profesores e aprobado por unanimidade polo Consello Escolar daquel ano.

Tamén a nosa revista RAPILÁN está formada polas primeiras sílabas do seu nome Ramón Piñeiro de Láncara e que substituiu a A Voz da Escola que durante moitos anos foi coordinada polo anterior director D. Jaime Lago. Por iso e por todo o que el foi e representou D. Ramón Piñeiro López estará con nós para sempre.

Grazas á Real Academia Galega, á Fundación Carlos Casares, ao Concello de Láncara, aos familiares de D. Ramón Piñeiro, a todos os colaboradores alleos ao centro que nos remitiron artigos e documentos para a revista, e por suposto a todos os membros da comunidade educativa que fixeron posible esta revista e a celebración dos diferentes actos que teremos na semana das Letras Galegas.

Rita Castedo Meilán  
Directora



# Na lembranza de Ramón Piñeiro

*Jaime Lago Rodríguez*

Co gallo da adicación este ano do día **das Letras Galegas** a este ilustre paisano das terras da Armea, teño que manifestar a miña satisfacción e ledicia e ao mesmo tempo pensar que se cometeu certa inxustiza por tardar tanto tempo en adicarlle esta merecida homenaxe, pois xa pasaron 19 anos dende o seu pasamento.

Non vou a facer unha semblanza do personaxe, senon lembrar aquela entrañable visita que Don Ramón fixo ó centro educativo que hoxe leva o seu nome:

Era polo mes de maio do ano 1986. Aquel ano o día das Letras Galegas adicábase a Aquilino Iglesias Alvariño. Todo o profesorado estaba implicado en darlle o maior realce a esta data e o equipo directivo matínaba en buscar a persoa que fixese de "pregoeiro" nesa festa. Sen moita fe en que aceptase a proposta, ocorréusenos chamar a Ramón Piñeiro. Lembro que colleu Pacita, a xefe de estudos, o teléfono e Don Ramón confirmou que viña moi gustoso a dar unha conferencia a súa terra.

Como tódolos anos, a festa das letras tiña lugar no ximnasio e nel había morea de xente entre alumnado, profesorado, pais e nais de alumnos e outros invitados. Tiñamos un programa moi amplo: teatro, poesía, contos, actuación do grupo de gaitas Os Carrapucheiros, actuación do grupo de danzas...

Don Ramón chegou na compañía da súa dona e do presidente da Fundación Penzol e, tal como manifestou en repetidas ocasións e logo a través dunha carta que reproducimos ao final deste artigo, emocionouse ó ver que na súa terra se estaba a fomentar a ligua e a cultura galega, polo que tanto el loitara toda a súa vida.

A conferencia non foi longa, pois nin o tempo, nin o heteroxéneo auditorio o permitía, pero Ramón Piñeiro sentiuse emocionado e ao chegar a Santiago, mandou un lote de libros da editorial Galaxia, que el fundara, e dirixíume a min unha carta na que me pedía que transmitise os parabéns a todo o profesorado.

Ramón Piñeiro faleceu en agosto do ano 1990 e o centro que ata entón levaba o nome de Concepción Arenal, iniciou os trámites (a través do Claustro, Consello Escolar, Concello e Inspección educativa) para que pasase a chamarse **Ramón Piñeiro**, como unha homenaxe a un personaxe que, tal como recoñece a Real Academia Galega, *tivo unha dedicación total e desinteresada da súa vida en defensa de Galicia e da súa cultura, polo que debe ser unha referencia moral para as novas xeracións.*



Aos actos do cambio de nome acudiu unha ampla representación institucional e cultural, así como da Fundación Penzol e da editorial Galaxia. Benxamín Casal pronunciou unha conferencia sobre a vida e obra do homenaxeado. Previamente o alumnado fixera traballos monográficos sobre Ramón Piñeiro e montárase unha exposición con estes traballos, reportaxes fotográficos, recortes de prensa etc.

Ao CPI Ramón Piñeiro cábelles a honra de que nas terras de Láncara se coñeza un pouco máis a Ramón Piñeiro, pois, como puiden comprobar nalgunha ocasión, paradóxicamente na súa terra, sabíase ben pouco da vida e obra de Ramón Piñeiro López.



# Carta orixinal de Ramón Piñeiro dirixida o noso centro

Compostela, 26-V-86

Dr. Director do Centro Escolar  
Póboa de San Xulián  
LUGO

Meu querido amigo:

Quero decirlles a todos Vds. que viñen emocionado e fondamente impresionado da visita que fixen a ese Centro. Tanto a miña muller, como a Presidenta da "Fundación Penzol", que nos acompañaba, como eu mesmo, sentimos moito non poder continuar ahí unhas horas máis para ter ocasión de falaremos con todos, pero ocorría que tínhamos que estar ás 3 en Lugo. Nós quedamos admirados da exposición de traballos dos alumnos e da actuación que tiveron no programa dos diversos actos que levaron a cabo. Todo ese éxito supón moito entusiasmo e moito traballo, non só nos protagonistas visibles senón tamén nos profesores que os dirixiron e os prepararon.

Os nosos sinceros e entusiastas parabéns para todos Vds.  
Unha forte e cordial aperta de

Ramón Piñeiro



Ramón Piñeiro coa súa muller



# Ramón Piñeiro

## BIOGRAFÍA

Ramón Piñeiro naceu na parroquia de Armeá en Láncara (Lugo) en 1915. Con nove anos foi vivir a Lugo, onde estudou o bacharelato para regresar despois a Armea e máis tarde ir traballar a Sarria, en 1930. En 1931 asiste a mitin de Lois Peña Novo que lle desperta o interese pola cultura e a política galegas.



*Casa natal de Ramón Piñeiro*

En 1932, de novo en Lugo para estudar o bacharelato superior, participou na fundación das mocidades do Partido Galeguista, onde pronto destacou a pesar da súa timidez sendo nomeado secretario de cultura. Alí coñeceu a Ramón Otero Pedrayo (1888 - 1976), a raíz dunha conferencia que organizan os alumnos do instituto, e, en 1933, a outros persoeiros do galeguismo político (Castelao, Bóveda e outros).

En 1934 participou nun mitin celebrado na praza da Quintana o 25 de xullo e, en 1936, chega a ser elixido secretario do comité provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia. Tralo alzamento militar de xullo de 1936, veuse obrigado a loitar na guerra civil no bando nacional.

Rematada a guerra civil, comezou a estudar Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Dende 1943 participa na reorganización clandestina do Partido Galeguista no interior, membro do Comité Executivo como Secretario Político, púxose en contacto co resto da oposición ao franquismo en Galicia e cos nacionalistas cataláns e vascos para asegurar a presenza galega en todos os foros pensando nunha caída do réxime franquista tras a vitoria aliada na Segunda Guerra Mundial, detido en abril de 1946 permaneceu tres anos na cadea, a pesar de que foi condeado a seis. Ó saíres do cárcere, establécese en Santiago, defendendo a loita cultural fronte á loita armada e política, en pleno enfrontamento entre os galeguistas do exilio (partidarios da guerrilla), radicados sobre todo en Arxentina (Castelao falecera en Bos Aires en 1950), antifranquistas e republicanos, e os galeguistas «do interior», máis preocupados por fornecer ás xeracións novas, do apego á cultura galega para preparalos para a transición democrática. Interviu activamente na auto disolución do Partido Galeguista e en 1950 foi o adail do grupo que fundou a Editorial Galaxia (da que foi o primeiro director literario), que en pleno franquismo comezou a publicar libros en galego e sobre asuntos relacionados con Galicia. Un par de anos máis tarde, Galaxia publica a Revista de Economía de Galicia, onde comeza a anlaizarse o desenvolvemento económico de Galicia. Piñeiro dirixiu a editorial e traballou nela ata 1966. Alí publicou en 1953, xunto con outros autores, A Saudade, ensaios (Galaxia, Vigo 1953, 197 págs.).

En 1966 trasládase a Estados Unidos, como profesor invitado da Universidade de Middlebury, en Vermont. O 25 de novembro de 1967 ingresa na Real Academia Galega, co discurso "A lingoaxe i as lingoas", que foi respondido por Domingo García-Sabell (médico nacido en 1909, membro tamén da «Xeración Galaxia»).

Durante o tardofranquismo determinados ideólogos do galeguismo asociado ás revolucións socialistas pretendidamente marxistas, foron especialmente críticos con Ramón Piñeiro e co grupo representado por Galaxia, tratándoos de "conservadores". Exemplo disto foi Xosé Luís Méndez Ferrín, que na novela Retorno a Tagen Ata (1971) incluso chega a matar a Ulm Roan, o ideólogo do nacionalismo clásico e non revolucionario, que os seus lectores ben poderían identificar con Ramón Piñeiro (quen, pola súa parte, non tiña reparos en reseñar tal novela en Grial, a súa revista)

En 1983 converterase, por elección dos seus membros, no primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, como público e merecido recoñecemento a unha das personalidades máis egrexias e que máis fondamente influíron na vida política e cultural de Galicia no século XX. O 27 de agosto de 1990 morre.



As pretensións políticas de Piñeiro tiñan como obxectivo que todos os líderes políticos galegos asumiran o galeguismo entre os seus obxectivos fundacionais. Baixo o grupo denominado Realidade Galega, influíu notablemente para acadar partidos homologables ós europeos (un de corte socialdemócrata e outro demócrata conservador). Prova desta postura política, foron os seus constantes contactos epistolares cos líderes culturais e políticos de todos os partidos que existían na clandestinidade galega, e os que agromaban ó principio da democracia, tales como Xosé Manuel Beiras, Xaime Illa Couto, Xerardo Fernández Albor, etc., e que non deixaron de pasar pola xa famosa "mesa camilla" da súa casa na zona vella de Santiago, onde Piñeiro os asesoraba, ó tempo que traballaba porque os novos universitarios se inbuísen do galeguismo independentemente da súa ideoloxía política ou postura artística.

Cando chega a democracia, Piñeiro, que nunca deixou de defender a postura do "galeguismo difuso" (isto era, "tinguir todos os partidos de galeguismo en vez de ter un único partido galeguista"), deu exemplo desta postura e formou parte do primeiro Parlamento Autonómico, como deputado pola provincia da Coruña, como independente dentro das listas do PSdeG (Partido Socialista de Galicia-PSOE Partido Socialista Obrero Español), xunto con outras destacadas figuras da cultura galega como Alfredo Conde ou Benxamin Casal.

Da súa carreira política destaca o seu labor de ponente da primeira Lei de Normalización Lingüística de Galicia, da que foi un dos seus auténticos pais. En 1983 foi elixido primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, cargo que desempeñou ata o seu pasamento, o 27 de agosto de 1990, a consecuencia dunha insuficiencia hepática. En 1985 recibe a Medalla Castelao.



Logotipo do partido galeguista do que foi secretario de cultura Ramón Piñeiro.



Os seus traballos sobre pensamento e filosofía, dedicados maioritariamente "saudade", así como as súas traducións supuxeron un "paso decisivo" para a normalización do galego como lingua con capacidade para expresarse en todos os campos do saber, indica a Academia.

-Influencia en xeracións de galeguistas.

Ramón Piñeiro que tivo gran influencia en xeracións de galeguistas, logrou, segundo a Real Academia, que o galego superarse a cualificación de lingua rural ou poética na que a tiñan encadrada moitos intelectuais españois de postguerra.

A RAG tamén se refire ao labor ensaística de Ramón Piñeiro, recollido parcialmente nos libros "Olladas non futuro", "Galicia", "A linguaxe e as linguas" ou "Lembrando a Castelao", que reflicten os eixos fundamentais do seu pensamento e destacan a necesidade da reafirmación cultural de Galicia como "camiño fundamental para a súa realización como pobo".

-Impulsor da normalización. Igualmente a Real Academia refírese ao labor do elixido para adicar o Día das Letras Galegas de 2009 como impulsor da normalización do galego nos anos difíciles da postguerra, o que quedou recollido en numerosos artigos e actividades, como a publicación do Dicionario Enciclopédico de Don Eladio González.

Como director literario da editorial Galaxia, tamén contribuíu á publicación de numerosos libros en galego e encheu un baleiro "como mingunha outra institución", nos anos anteriores á transición democrática.

Piñeiro tamén destaca como animador cultural galeguista, ante o que a RAG cita actividades tan singulares como a colección Graal e a Revista Galega da Cultura, que recolleu a maioría de traballo ensaístico galego da postguerra.



-Primeiro presidente do Consello da Cultura.

Igualmente, a RAG recorda que foi elidido en 1967 como membro numerario desta propia institución, á que se incorporou cun discurso sobre a linguaxe das linguas.

- Tamén participou na creación do Consello da Cultura Galega. No ano 1983 e foi o seu primeiro presidente, cargo que ocupou ata a súa morte.

Finalmente, a RAG destaca como outra das súas facetas o seu labor "socrática, exemplarizada nas conversacións na súa mesa padiola, na súa intensa e xenerosa correspondencia epistolar fose e dentro de Galicia, moi en concreto en relación coa mocidade" tanto nos "escuros" tempos de postguerra como posteriormente, con toda "persoa que tivese Galicia como referente das súas actividades ou ideais".



Portada da revista Grial na que participou Ramón Piñeiro.

## A SAUDADE

A saudade (vocábulo portugués empregado tamén na lingua galega, á súa vez do latín *solitudo*, -inis, "soidade") é un sentimento melancólico recordo dunha alegría ausente. O termo, que expresa unha emoción ambigua, foi considerado un dos máis difíciles de traducir, sendo un dos conceptos clave da lingua e a cultura portuguesa; a saudade é a emoción predominante do fado, e alenta tamén a bossa nova brasileira.

A saudade foi unha palabra definitoria de dúas culturas: a portuguesa e a brasileira. Saudade, xa sexa unha emoción, un sentimento ou un pensamento, é unha das palabras máis importantes da lingua portuguesa. É a raigame do fado e da samba; trátase dunha voz que contén a esencia da vida, a tristura e a alegría, o pasado (recordos), o presente e o futuro nun instante simultáneo.

A saudade, como sustancia e palabra, sempre estivo explícita no dinamismo cultural. Para exemplificar a súa importancia, pódese mencionar o movemento literario-espiritual, a principios do século XX en Portugal, coñecido como Saudosismo e promovido especialmente polo escritor Teixeira de Pascoaes. A súa xestación e fundamento deuse a través da saudade e, ata o día de hoxe, mantén unha influencia significativa na cultura daqueles países. Dentro dos nomes que formaron parte desta escola encóntrase Fernando Pessoa.

O sentido da palabra

- Estrañar
- Botar de menos
- Añorar
- Facer falta

## A EDITORIAL GALAXIA

-Historia.

Rematada a Guerra Civil española apenas se publicaron libros en Galiza e moito menos en galego. A edición, igual que a resistencia política e cultural, desenvolveuse neste período principalmente en América (México, Uruguai, Arxentina), arredor de figuras como Castelao, Manuel Puente, Arturo Cuadrado ou Luís Seoane, auténticos motores da produción editorial no exilio. En 1949 publicouse en Pontevedra a colección de poesía Benito Soto, promovida por Sabino Torres, Manuel Cuña Novás, Emilio Álvarez Negreira e Celso Emilio Ferreiro. Polas mesmas datas saíron os primeiros títulos de Bibliófilos Gallegos, e máis a Editorial Monterrey, da man de Luís Viñas Cortegoso e Xosé María Álvarez Blázquez, orientada maiormente cara á edición de bibliofilia. O proxecto Galaxia consolidouse, de entre todas elas, como o máis estábel e o de máis continuidade, e constituíu a referencia obrigada do rexurdimento da actividade intelectual na Galiza interior.

O Partido Galeguista do interior considerou que había que aproveitar as escasas posibilidades que ofrecía o franquismo para desenvolver a lingua e literatura galega e o propio pensamento galeguista, en aberta contradición do galeguismo do exilio, e así o 25 de xullo de 1950 celebrouse no mesón do hotel Compostela, en Compostela, a asemblea fundacional da Editorial Galaxia.



Anagrama da editorial galaxia.



Presidida por Ramón Otero Pedrayo, o Patriarca das Letras, e coa presenza de personalidades senlleiras do galeguismo, como Manuel Gómez Román, secretario do Partigo Galeguista. A Editorial Galaxia converteuse no núcleo principal da resistencia cultural e política do galeguismo, obrigado á clandestinidade e ao exilio despois da guerra civil. Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro foron as tres personalidades que desde o primeiro momento orientaron a editorial, comprometida coa recuperación da lingua e da cultura galega, nos tempos difíciles da ditadura. A resistencia galeguista deseñou daquela un programa de acción cultural e política que frutificou sobre todo nas seguintes xeracións. Máis de medio século despois, os seus catálogos son referencia obrigada do libro e a creación galega do noso tempo.

Na súa colección Illa Nova (1957) pensada para dar cabida aos escritores novos publicáronse as obras máis representativas da coñecida como A Nova Narrativa Galega que renovou a narrativa galega de posguerra.

- Características.

A oferta de Galaxia ten carácter xeralista, como corresponde a unha editora que, seguindo aos seus principios fundamentais, tenta manter activo o proceso de modernización da sociedade lectora, incorporando temas, asuntos e xéneros, novas propostas e novas liñas de traballo e investigación. O seu proxecto concrétese en coleccións de clásicos, traducións de grandes autores da literatura universal, poesía, ensaio, guías de ocio e de medio ambiente, libros de viaxes, literatura infantil e xuvenil, gastronomía..., e atinxe dende a creación literaria e o pensamento á didáctica e os materiais de referencia escolar, como manuais, dicionarios, etc.

A Editorial Galaxia ten publicados uns 2.000 títulos, dos cales a metade xa están descatalogados.

Desde 1963 edita trimestralmente Grial. Revista galega de cultura.



## **CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES**

É un organismo investigador dependente da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria que se denominou desde a súa fundación en 1993 Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. Neste centro, que comparte edificio coa Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, desenvólvense proxectos a prol da lingua e cultura galegas. Entre eles cómpre destacar:

- Proxecto Termigal: centro terminolóxico do galego onde se investiga a terminoloxía de certos campos e os galegos poden tamén facer consultas (teléfono: 981542653);
- Proxecto de Fraseoloxía: o equipo dirixido por Xesús Ferro Ruibal pon en marcha os monográficos e a revista Cadernos de Fraseoloxía Galega, xa polo número 8 (2006);
- Proxecto Corga (Corpus de Referencia do Galego Actual);
- Proxecto Dicionario de literatura;
- Proxecto Dicionario de termos literarios;
- Proxecto de Recuperación de textos poéticos e xornalísticos galegos;
- Proxecto de Dimensións da identidade colectiva en Galicia;
- Proxecto de Informes anuais de literatura;
- Proxecto de Cantigas de Santa María;
- Proxecto de Investigación e estudo do galego exterior;

O centro está ubicado na estrada de Santiago de Compostela a Noia, km. 3, A Barcia - Lamas de Laraño. No mesmo recinto tamén está a Escola Superior de Hostalería de Galicia.





# Ramón Piñeiro, un compromiso coa lingua galega

Falar de Ramón Piñeiro non é tarefa doada; as decisións políticas que foi tomando ao longo da súa vida, consagrada por enteiro ao galeguismo, estiveron sempre acompañadas de polémica.

Neste ano, no que a Real Academia Galega lle adica o Día das nosas letras, haberá moitos foros nos que se estude e debata polo miúdo a súa militancia e o seu pensamento.

Eu, pola miña parte, desexo quedarme co veciño de Láncara, co home que acreditaba nunha filosofía propia do pobo galego, co home que compartiu os anhelos de moitos galeguistas históricos, co republicano e, por riba de todo, co defensor da nosa lingua.

O Día das Letras Galegas pretende lembrar a aquelas persoas que utilizando a nosa lingua foron quen de amosar ao mundo, dende unha óptica propia, como somos, pensamos e sentimos os galegos. Parece evidente que Piñeiro fixo, cando menos, boa parte diso.

E é precisamente a lingua o que nos une, o que nos identifica, a forma máis xenuína de expresión da nosa cultura e pensamento.



É certo que temos avanzado, non sen continuos atrancos, na valoración deste patrimonio inmaterial único e imprescindible para sermos un pobo sen complexos que poida aportar ao mundo a nosa visión dos problemas, sentíndose solidario cos demais pobos da terra.

Mais tamén adoitamos retroceder de cando en vez, esquecendo a lingua que nos vencella, seducidos por este mundo global que nos uniformiza perigosamente a todos.

Nestes tempos que corren, para algúns, a nosa lingua, o patrimonio máis prezado que temos, non deixa de ser no mellor dos casos un vestixio do pasado para gardar nun museo; e, segundo as verbas dos máis belixerantes, "un anacronismo que so chegou até aquí pola incultura e analfabetismo dos labregos".

Así as cousas, eu estou con aquel Piñeiro que se preguntaba aos seis anos por que o seu primeiro mestre non falaba galego coma el, con aquel Piñeiro que se extrañaba de que Lois Peña Novo, un home culto, empregara o galego nos seus discursos; con aquel Piñeiro que quedou asombrado polo pensamento de Castelao.

Porque cando Ramón Piñeiro foi capaz de analizar a situación da lingua e a cultura galegas, xa non parou.

Pouco antes de que eu nacera, Piñeiro, xunto con outros intelectuais galegos como Otero Pedrayo e Fernández del Riego, entre outros, fundaba a Editorial Galaxia no intento de recuperar a significación histórica da lingua galega e o seu valor cultural tanto literario como de transmisión do pensamento.

Para demostrar que toda lingua pode difundir unha cultura embarcouse na revista Grial, que publicaba artigos de pensamento ou traducións de filósofos relevantes como Martin Heidegger que, curiosamente, aínda non estaba traducido ao castelán.

A súa preocupación pola lingua galega lévao a revisar e publicar o Dicionario gallego-castellano de Eladio Rodríguez, que morrera sen podelo facer.

E, xustamente no ano que nacín eu, Piñeiro redactaba un documento de denuncia na Asamblea Xeral da UNESCO en protesta polo afogamento da cultura galega que vivía practicando o franquismo.



Cando o seu ingreso na Real Academia Galega, en 1967 (precisamente cun discurso sobre a linguaxe e as linguas), eu xa era un adolescente preocupado por todas esas cousas que preocupan aos adolescentes no escaso tempo que nos deixaban os rosarios, as misas, os exercicios espirituais e a Formación del Espíritu Nacional. Como se pode deducir, non sabía da existencia do pensador de Láncara, nin de Castelao, nin do galeguismo. Como, ademais, por aqueles anos estaba nunha Castela sementada de xugos e frechas falanxistas, era totalmente alleo aos problemas lingüísticos e culturais da miña terra.

Cando fun avanzando no sistema educativo da época, tamén me fixen preguntas como Piñeiro. E descubrín que o meu pobo tiña unha historia, unha lingua e unha rica literatura desde a Idade Media. E souben que tiñamos unha lingua sen normalizar, e que non había ningunha normativa para escribir en galego (agás os textos dos nosos escritores).

Máis adiante, cando daba os meus primeiros pasos como mestre, quedeime abraiado ao descubrir que a Administración expedientaba mestres que utilizaban a nosa propia lingua nas aulas.

Pero tamén descubrín, por suposto de maneira autodidacta, que había homes e mulleres que defenderan a nosa lingua en todas as épocas e que Europa era un conxunto de unidades naturais diversas das que Galicia era unha delas; e mesmo que España non era "una unidad de destino en lo universal" senon outra realidade diversa e plural.

As publicacións da Galaxia de Piñeiro, entre outras, proporcionáronme a oportunidade de coñecer a miña cultura, de perfeccionar a miña lingua e de valorala como algo moi prezado.



Cando Ramón Piñeiro participaba, aló polo ano 1983, no debate da Lei de Normalización Lingüística no Parlamento de Galicia, eu xa pensaba xusto o contrario dos que consideraban incultos aos labregos por falar unha lingua diferente do castelán, e aplicábame a escoitar as súas sentencias, os seus contos e os seus ditos na seguridade de que estaba ante unha lingua viva, fermosa e co respecto que me merecía precisamente o feito de que a conservaran fronte aos atrancos da historia.

Grazas a Ramón Piñeiro e aos galeguistas eu entendín a necesidade de preservar este prezado don que nos fai únicos, e así o fixen trasmitíndolle o legado da lingua ás miñas fillas. Por eso, eu valoraba ao principio o seu compromiso na defensa da lingua, o mesmo que todos (pais, profesores, alumnos e persoal non docente) debemos ter nun centro de ensino que leva o seu nome.

**Xurxo Rodríguez Lozano**  
(Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística)



# Ramón Piñeiro

Santiago Fernández Rocha



Como tódolos anos desde 1963, imos celebrar este 17 de maio, a gran festa da nosa cultura: O Día das Letras Galegas. Con este fin, a Real Academia Galega decidiu que neste 2009, fose Ramón Piñeiro a figura central da devandita celebración.

Esta é a razón pola que aceptei a colaboración neste medio e así, sumarme á homenaxe que o C.P.I. de Láncara lle está a tributar ao ilustre fillo deste concello.

Dito esto, vou tratar de sintetizar dous aspectos dos que me resultan máis salientables dentro da extraordinaria aportación que o devandito persoeiro fixo ao noso País.

Ao meu entender, Ramón Piñeiro foi durante a segunda metade do século XX o gran artellador e impulsor da galegitude, entendida esta, como a potenciación e normalización dos valores intrínsecos da nosa idiosincrasia como pobo singular. Por esta razón, un dos seus grandes obxetivos foi traballar arreo para que o sentimento galego polo que estamos enchoupados os fillos desta Terra, se convertese nun sólido compromiso con Galicia, un compromiso non só sentido, senón tamén asumido desde o rigor da serea reflexión.

Certamente cómpre suliñar que Piñeiro estivo apoiado, na súa tarefa galeguizadora, por outros destacados galeguistas, pero ningún deles tivo un liderado tan salientable coma o persoeiro lanarés que este ano homenaxeamos. Porque Piñeiro foi o gran integrador da maioría das sensibilidades galeguistas daquel tempo e tamén, o motivador das vontades arredor da gran idea galeguizadora que se sustentaba nun proxecto cultural encarnado na Editorial Galaxia.. O seu compromiso con Galicia acadou a forma de proxecto global e tiña como fin, construír un País autocentrado, dono de se mesmo e consciente dos valores da súa singularidade.

Esta idea tan fecunda que dinamizou e potenciou a sensibilidade galeguista da segunda metade do século XX, agroma dunha reflexión que o autor desenvolve na década dos corenta, diante da situación de ditadura militar que se vivía en España. El é consciente, ante esta situación política, da necesidade de refundar a estratexia galeguista co fin de que a Dictadura de Franco non supuxera a aniquilación do camiño de reconstrución da nosa feble conciencia identitaria que se iniciara co Rexurdimento, aló polo século XIX. Estima, moi sabiamente, que aqueles tempos, son tempos de resistencia e estimulación da feble personalidade colectiva e este proceder, só se podía desenvolver naquelas circunstancias políticas, partindo do mundo da cultura como eido aglutinador e ligitimador do gran proxecto galeguista. A cultura como fin pero tamén como medio para a reconstrución da personalidade colectiva do noso pobo, eivado, naqueles tempos, en tódolos eidos da súa existencia.

Este proceder, tan reflexionado como teimudo no seu desenvolvemento, fixo que Ramón Piñeiro se convertise nun home fundamental da nosa historia máis recente. Foi sen lugar a dúbidas a persoa que mantivo máis encendido o facho do galeguismo, de todas aquelas que permaneceron no País logo da caída do Réxime democrático da República.

Pero ademais deste traballo tan pensado e frutífero, Ramón Piñeiro foi e é un referente moral para tódolos galegos e galegas. Un valor sustancial que transcende o mundo das ideas e dá credibilidade a todo un proxecto colectivo galeguista e integrador que naceu da necesidade de seguir poñendo en valor as singulares potencialidades do noso País, e sempre desde o recoñecemento da diversidade de ideas e sensibilidades de todos nós.

Impulso galeguizador e referente ético son pois, para min, dous dos aspectos máis salientables do proceder histórico deste lanarés excepcional.



# Un neno chamado Ramón

*Baseado nas memorias de Ramón Piñeiro que el titulou "Da miña acordanza", un libro que non chegou máis que a comezar en 1976*

Aquel neno da Armea non tiña a penas con quen xogar porque da súa casa á seguinte distaba un bo treito que había que andar a pé. Tampouco podía xogar cos seus irmáns porque ou eran maiores ou demasiado pequenos para el. E seus pais tiñan traballo abondo coa facenda como para poder dedicarlle máis tempo.

A miúdo, a Ramón non lle quedaba máis remedio que divertirse estrullando o seu maxín para non caer no aburrimiento. Os seus mellores amigos eran a natureza e un cadelíño de raza palleiro que ía con el a todas partes. Unhas veces distraíase amoreando pedras na auga, outras facendo casas ou pequenos castelos e presas para non deixar pasar a auga nos regos, pero cando de verdade comezou a pasalo ben foi desque aprendeu a escribir na lingua de seus pais, avós e tataravós.

Seu pai, entusiasmado, ensinálle a ler mais non quería que aprendera a escribir ata que non fose á escola, disque para evitar que o fixera mal e despois xa non houber remedio. Nembargante, teimudo el, o cativo quixo aprender pola súa propia conta ás agochadas, anque sen ter idea de como facelo, pois non dispuña nin de pluma nin de lapis.

Un bo día, mentres que andaba facendo o traste cun garabullo dunha póla que tirara ao chan a forza do vento, ocorréuselle esborranchar na lama dun charco que había no camiño a carón da casa. Ramón non entendía por que a ese camiño en concreto lle chamaban Real anque tiña escoitado que por aí podíase chegar a Castela. Fose como for, a el gustáballe que por aquel camiño pasaran acotío as vacas e ovellas, xentes a cabalo das bestas, cos carros cheos de leña ou con eles ateigados de cereais. Encantáballe ficar detrás dunhas matogueiras e escoitar os cantos que levaban no seu andar os veciños.

Cavilando, Ramón ideou unha especie de pluma para poder así escribir na mesa da cocíña ou mesmo na pedra da lareira. Era consciente de que iso podíalle custar un serio desgusto, no caso de que o collera seu pai desobedecendo o seu mandato e tamén por andar revolvendo na cinsa ou estar tisanando a mesa coa palla e a auga, que niso consistía o seu invento.

Malia todo, albergaba a esperanza de que a súa nai o axudaría se chegado o caso fose descuberto. ¿Por que? Porque ámbolos dous, nai e fillo, mantiñan un segredo. A súa nai facía algo moi parecido ao que ocultaba el cando ía ao monte coas ovellas e trataba de mellorar alí a súa escrita, ás veces incluso despistándose do rabaño.

Foi un segredo moi ben gardado ata que Ramón, paseniño, xa era quen de escribir con soltura suficiente. Así que un día á mai ocorréuselle a gran idea:

- Por que non sorprendes xa a teu pai e escribes diante del? –desafiou a nai.
- Pero vai rifar comigo –protestou o raparigo.
- Xa verás como non. Des que vexa o ben que o fas, hate de premiar.

Ben temeroso, aceptou a proposta logo de practicar varios días a escrita que foi mellorando sen apartar ollo da letra tipográfica dos textos que lle servían de modelo. Sabía ben que si quería que seu pai lle permitía escribir antes de ir á escola, tería que ser amosando unha letra tan ben feita que a que escribía aquel.

Unha noite, sen dicir nada, Ramón foi buscar ao acocho a pluma de palla que tiña escondida, colleu a auga e nin corto nin preguizoso comezou a escribir na lareira á vista de seu pai. De primeiras puxo unha cara que era como para coller e botar a correr, pero mirou á súa nai e con valentía non soltou a pluma ata que a cara do seu pai mudou completamente ao ver escrito na cinza da lareira: «Chámome Ramón Piñeiro».

A partir de entón, o pai non só lle ensinou algo de ortografía senón que lle entregou un xiz e permitiulle que escribira nas táboas.



# As pegadas de Piñeiro. 🐾 🐾



Armea (1915)



Piñeiro (1931)



Lugo (1932) a.c.



Santiago (1936)



Piñeiro (Guerra Civil)




Santiago (1943)



París (1946)



O cárcere.



Traballaba legal e ilegal.



Galaxia (1959)






Libros de Piñeiro.



Fundación PSDG



Universidade Middlebury (USA)



Universidade Harvard (USA)



Ingressa na RAG.



Casa de Piñeiro (portugués)



Deputado PSDG.



Pres. Concell. Cult. Galega (1983)



Morte de Piñeiro (1990)



# XOGOS POPULARES PARA O TEMPO DE LECER

Nun intento por manter vivas as tradicións lúdicas rurais dos nosos devanceiros, imos propoñer un pasatempo que non precisa de infraestruturas complicadas, nin regulamentos demasiado densos, nin sequera unha habilidade ou condición física especial para poder pasar un rato agradable e á vez facer exercicio.

Trátase da Porca por equipos ou xogo do pino (unha sorte de Hockey primitivo que se xogaba na zona de Ourense entre outubro e febreiro, aproveitando que a mocidade levaba o gando ás veigas). Era xogo de mozos. Na maioría de ocasións era utilizado para resolver conflitos entre mozos de aldeas veciñas, case sempre relacionados con problemas coas amorosas. Tamén se xogaba para pasar o rato.

Para poder xogar precísanse dous elementos: a cachona e a porca.



*Na imaxe pódese ver a moca ou cachona (coa sua parte curva (gancha) e a porca ou marrá.*


A cachona é un pau dereitiño, de entre metro e metro trinta, dependendo da altura de cada xogador ou dos seus gustos. Rematado en forma de "L", co lado menor de entre dez e quince centímetros de lonxitude, a gusto do rapaz. Recibe o nome de gancha.

A cachona facíase preferentemente de madeira de castiñeiro, avelaira vella ou acivro. Este punto dependía das árbores que houbera na zona. Aproveitábanse aquelas ponlas cuxa forma fora máis axeitada.

A porca é unha bóla de madeira de aproximadamente dez centímetros de diámetro. Os rapaces preferíanas de madeira de carballo, de corgo, ou de raíz de uz. Nalgunhas zonas cando os rapaces eran moi pequenos, ou cando se montaba un xogo de improviso, os materiais de facer as cachonas e a porca eran substituídos por cañotos de berza e pifias.

## O XOGO

Precísase un espazo amplo que en tempos ben podía ser o campo da festa ou ben o prado dun veciño. Nun extremo debuxábase unha liña (moitas veces facíase cun sacho un rego estreito no chan) tanto máis longa canto máis grande era o campo. Esta liña ou rego chámase liña de corte. No outro extremo do campo crávase unha estaca que sobresae do chan entre 15 e 20 centímetros. Esta estaca chámase santo e á liña imaxinaria que debuxa paralela á liña de corte chámase liña de santo.



*Esquema dun terreo para xogar á porca.*



En tempos, o campo ou terreo de xogo estaba limitado por barreiras naturais, unha silveira, un valado, un río....O terreo de xogo era o devandito campo e a diferenza de outros xogos e deportes non existe o concepto "fora".

## DESENVOLVEMENTO

Acondicionado o terreo de xogo decídese o equipo que comeza de atacante e o que empeza de defensor. Aínda que normalmente o equipo de afora (do pobo) comezaba atacando, tamén era habitual decidilo lanzando a cachona dende a liña de corte en dirección ó santo. Nesta última modalidade cada equipo escolliá cadanseu lanzador, gañando aquel que tivera a gancha da súa cachona máis próxima ó santo. O que gañaba comezaba atacando e o que perdía comezaba defendendo.

Para comezar a xogar o equipo atacante sitúase tras a liña de santo e o equipo defensor tras da liña de corte. Un dos membros do equipo atacante colle a porca coa man alzada, á altura da testa, e déixaa caer no chan. Nese intre comeza o xogo (había que estar moi atento xa que o equipo atacante solta a porca da man tentando pillar despistados ós defensores namentres que o equipo defensor en canto ve a porca solta corre cara o equipo atacante tentando achicarlle o espazo.

O obxectivo do equipo atacante é que a porca atravesese a liña de corte na dirección santo-corte. Nese momento o equipo atacante consegue un tanto, e detense o xogo para voltar á posición inicial, e dicir, o equipo atacante detrás da liña de santo e o defensor tras da liña de corte. Hai que lembrar que non hai "fóras", polo que moitas veces estase a xogar na corte (tras da liña de corte, e a porca atravesase a liña pero en dirección ó santo, mais isto non vale nada xa que só se marca un tanto cando a porca atravesase en dirección santo-corte como xa dixemos.

Para o equipo defensor son dous os obxectivos a acadar. O primeiro e máis obvio é que o equipo atacante non atravesese coa porca a liña de santo. O segundo é conseguir que a porca entre por un lado do santo a saia polo outro (loxicamente atravesando a liña de santo). Tanto ten entrar polo dereito a saír polo esquerdo ou viceversa. Nese momento o equipo atacante pasa a ser defensor e o equipo defensor pasa a atacar, sen que se pare o xogo. Lembramos que o único momento no que se detén o xogo é cando se marca un tanto.

## VOCABULARIO

A continuación recolleemos os distintos termos que aparecen por toda a provincia de Ourense para denominar á porca por equipos e ós seus elementos, así como a denominación das distintas accións que no transcurso do xogo teñen lugar.

- xogo da porca, xogo do pino, xogo da bóla.
- cachona, moca, pao de moca, guiadeira, caxata.
- porca, marrá.
- santo.
- liña de santo.
- corte, cortello.
- liña de corte, liña de cortello.
- tanto, porca, pino.
- pinar, acción de marcar un tanto.

Ben, agora só queda que vos animedes a saír ó monte cuns cantos amigos, coller uns paus e unha pelota calquera e prepararse para pasar unha boa tarde de auténtica actividade física na natureza.

Hai cachoneiro ata o mes de febreiro!!!!



# Reportaxes

## DÍA DO LIBRO

### XORNADA NA DEPUTACIÓN DE LUGO

O pasado 23 de marzo o noso centro foi convidado pola Fundación Carlos Casares a participar na inauguración das Xornadas sobor de Ramón Piñeiro.



Allí estivemos unha representación do profesorado e dos alumnos/as, dous dos cales leron unha escolma de textos do noso lancares máis famoso



### O DÍA DO LIBRO NO CENTRO

Para celebrar o Día do Libro, o 23 de abril tivemos un pequeno acto na biblioteca do centro, onde representantes de todos os niveis dende Infantil a Primaria, leron as primeiras páxinas do libro máis lido e traducido de toda a literatura española: Don Quijote de la Mancha.

Todos os participantes no acto levaron un agasallo enviado pola Fundación Carlos Casares.





## 23 DE ABRIL : DÍA DO LIBRO

As orixes da festa do libro están ligadas a Cataluña e á celebración do Sant Jordi (San Xurxo), cando era costume que os homes agasallasen as mulleres cunha rosa e estas o fixesen cun libro. En España a xornada comezouse a celebrar oficialmente o 7 de outubro de 1926, en conmemoración do nacemento de Miguel de Cervantes Saavedra.

O 6 de febreiro de 1926, o goberno español, presidido por Miguel Primo de Rivera, aceptou a data e o rei Alfonso XIII asinou o decreto real que instituíu a Festa do Libro en España.

No 1930, a data conmemorativa foi trasladada para o 23 de abril, día do falecemento de Cervantes, que coincidía coa tradición festiva catalá.

O 15 de novembro de 1995, a UNESCO decidiu proclamar este día, Día Internacional do Libro e dos Dereitos de Autor. A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura quería destacar deste xeito a importancia do libro. Esta xornada ten como fin promover o libro e fornecer a través del o acceso á cultura do maior número de persoas posible. A UNESCO decidiu celebrar conxuntamente o Día do Libro e dos Dereitos de Autor atendendo á casualidade de que a morte de Cervantes (o 23 de abril de 1616 no calendario gregoriano) se correspondía coa data do aniversario do nacemento e morte de William Shakespeare (no calendario xuliano).

Os alumnos/as de 4º de primaria imos facer unha breve explicación, con viñetas, dos pasos a seguir para facer un libro e sobre as persoas que interveñen na elaboración dun libro.

### Así se fai un libro







**Corrector/a de textos**

Persoa que corrixe os textos escritos para evitar erros sintácticos e ortográficos antes de pasa-los á imprenta.



**Ilustrador/a**

O ilustrador é a persoa que fai unha estampa, ou un debuxo, que acompaña ao texto dun escrito, para máis claridade ou adorno.



**Fotógrafo/a**

É o encargado de realiza-las fotos e face-las probas para posteriormente ser impresas nos libro, enciclopedias, revistas...



**Deseñador/a**

Persoa que pensa e elabora as normas gráficas para a composición, maquetación e as portadas da publicación do libro.





### Maquetador/a

Persoa encargada de realiza-lo boceto ou modelo dun libro que serve de guía ao impresor, cunha adecuada distribución dos textos e ilustracións.



### Impresor/a

O impresor é a persoa que por medio dunha prensa, ou máquina axeitada, obtén un ou varios exemplares dun texto.



### Tradutor/a

Persoa que traduce o texto orixinal dun idioma a outro. Debe coñecer as dúas linguas e ten que estar especializada en diversos temas



### Distribuidor/a Almacenista

Os almacenistas e distribuidores son as persoas adicadas a comercializar e distribuir libros.





**Bibliotecario/a**

O bibliotecario é a persoa que ten ao seu cargo o cuidado, a organización e o servizo dunha biblioteca.



**Libreiro/a**

O libreiro é a persoa que ten por oficio vender libros na librería, é dicir, comerciante de libros.



**Crítico/a**

Persoa que xulga ou critica unha obra expresando a súa opinión razoada sobre o valor da mesma, as súas cualidades e os defectos.



**Asociación de amigos do libro,  
animadores á lectura**

Grupo de persoas afeccionadas á lectura e ao mundo do libro, que os adquiren, os leen e os comentan. Axudan co seu traballo a que crezca o nivel de lectura.



# VIAXAMOS POR O MUNDO

Os/as alumnos/as de 2º de primaria: Anita, Kevin, Raquel, Alberto, Francisco, Desireé, Manuel, Nerea, Raúl e Anaís.

Durante este curso na clase de **Coñecemento do Medio**, coa axuda de "Wally", viaxamos por diferentes lugares do mundo para coñecer as súas cidades, monumentos, festas, deportes...

Entre todos elegimos: a fría Escandinavia; a fantástica España; o país con máis de 300 variedades de queixo, Francia; o país da pasta, Italia e o país das pirámides, Exipto.

Comenzamos a viaxe por a fría Escandinavia.

## ESCANDINAVIA

Escandinavia é o nome da rexión formada por Suecia, Noruega, Finlandia, Islandia e Dinamarca. Os costumes e o idioma varían dun país a outro, todos teñen en común: uns invernos moi longos e moi, moi fríos.

Para soportar o frío, nada mellor que unha comida abundante (o smörgasbord) que consiste nunha mesa repleta de delicias que se poden saborear en calqueira orde: varios tipos de pan, arenques, salchichas, patacas con mantequilla, etc. Outra forma de entrar en calor é a sauna, que se inventou en Finlandia. En Islandia a xente báñase ao aire libre en pleno inverno ¡ Pero en auga quente das fontes termais!

O deporte máis popular en Noruega é o esquí. Se puxeran todas as súas pistas unha detrás doutra poderíase dar a volta ao mundo. Os nenos aprenden a esquiar antes de ir á escola e case todos os pobos teñen un trampolín de saltos. Os bosques e as montañas de escandinavia son perfectos para practicar este deporte e o excursionismo de escalada.

Noruega é famosa por os seus fiordos, estreitos e moi fondos. A medida que o xeo se derretía, o nivel do mar empezou a aumentar. A auga anegou os vales, que se convertiron en fiordos. Segun os noruegos o fiordo máis fermoso é o Geraingerfjord. As montañas nevadas do seu arredor superan os mil metros de altura. Os fiordos pódense percorrer en barco ou a pé. Neles abunda a pesca. Os noruegos comen moito peixe fresco e en salazón.

No Nadal, os noruegos regalan abetos a outros países. Un deles é para Gran Bretaña, en sinal de agradecemento pola axuda recibida durante a 2ª guerra mundial. Mide 20 m de altura e colócanno todos os Nadais na praza de Trafalgar, en Londres.

Pegamos un gran salto e trasladámonos ata o noso país, España.





## ESPAÑA

A capital de España é Madrid Na capital pódese visitar o Palacio Real( so algunhas dos seus centos de salas estan abertas ao publico o Museo do Prado conserva maravilhosas obras de Goya, Velázquez e os pintores flamencos ) .A 2ª cidade máis grande é Barcelona (capital de Cataluña), unha das súas principais atraccións é o templo da Sagrada Familia ( a única igrexa do mundo de estilo modernista) . Outras cidades importantes: Valencia, Bilbao, Sevilla, Toledo, Santiago de Compostela (capital da nosa comunidade), Zaragoza, Granada onde se atopa a Alhambra ( famoso palacio árabe)...

En España hai moita tradición folclórica.Un dos bailes máis coñecidos en todo o mundo é o flamenco.

O flamenco tal como se coñece agora ten uns 200 anos,aínda que as súas orixes son máis antigas.

Os días de festa son moi ben recibidos.Moitas festas pretenden manter vivas as vellas tradicións, tanto relixiosas como outro tipo.

En España, cada poboación celebra a súa festa maior unha vez ao ano.Durante a súa celebración,as escolas,fábricas,oficinas e comercios están cerrados, e organízanse unha serie de actividades para que todos poidan participar.

As festas populares e relixiosas mais coñecidas son:o San Fermín en Pamplona, as Fallas en Valencia, a Feira de Abril en Sevilla, a Festa do Apostol Santiago e a Semana Santa de Sevilla e de Valladolid.

Despedímonos de España e dirixímonos a veciña Francia.



## FRANCIA

A capital de Francia é Paris, é unha cidade moi fermosa.Ten importantes monumentos: o Arco de Triunfo (mide 50 m de altura); a Torre Eiffel (mide máis de 300 m); a catedral de Nôtre Dame e moitísimos museos, o máis coñecido é o museo do Louvre (fai moito tempo era un palacio real), agora está cheo de cadros e esculturas. Neste museo pódese contemplar un dos cadros máis famosos do mundo é o retrato dunha señora chamada Mona Lisa que foi pintado por Leonardo Da Vinci.

Moitos artistas famosos estudaron, viviron e traballaron neste país.

Aos franceses encántalles a comida: exquisitos caracois, zancos de ra, paté de figado de oca e máis de 300 clases de queixos e tamén son moi famosos os seus viños.



Moitos estranxeiros pasan as vacacións en Francia, visitando as súas fermosas cidades, practicando deportes nos Alpes e bañándose nas praias da Costa Azul (Niza, Marsella). En Cannes (outra famosa localidade da Costa Azul francesa) celébrase todos os anos un importante festival de cine.

Seguimos a nosa viaxe por Italia e rematamos no país das pirámides.



## ITALIA

Atopar Italia no planisferio é moi fácil porque ten forma de bota alta cun gran tacón.

Os italianos son moi sociables: gústalles reunirse coa familia e cos amigos, facer deporte sobre todo o fútbol e as carreiras de Fórmula 1.

Italia ten cidades moi importantes e fermosas coma Roma a súa capital; Venecia a cidade que ten 177 canles e 117 pequenas illas, para pasearnos por esta cidade temos que facelo en pequenos barcos que se chaman góndolas; Milán a cidade da moda; Turín famosa por a súa industria automobilística; Florencia...

Dentro de Roma atópase o Vaticano que é un país independente onde vive o Papa, xefe da igrexa católica. O Vaticano ten moedas, selos de correos, xornais propios e a famosa garda suíza que protexe ao Papa.

En Italia hai dous grandes volcáns: o Vesubio que hai moitos anos, a súa lava sepultou a cidade de Pompeia e o Etna que é o maior dos volcáns activos de Europa, situado na illa de Sicilia. Os sicilianos cultivan a vide nas súas ladeiras e esperan que non entre de novo en erupción para seguir vivindo nesta fermosa illa italiana.



## EXIPTO

Exipto é unha combinación de humidade e sequeidade. Á beira do río máis longo do mundo, o Nilo, esténdese o deserto máis grande do mundo, o Sahara. A maioría dos exipcios viven ás beiras do Nilo. Dálles toda a auga que necesitan: para beber, para lavarse e para regar os cultivos.

No pasado, as ribeiras do Nilo anegábanse durante a estación das chuvias. Cando a auga se retiraba, deixaba un solo fértil, moi bo para a agricultura. Pero algúns anos a chuvia non era suficiente e as colleitas perdíanse. Na actualidade os exipcios poden controlar o caudal do Nilo coa presa de Asuán.

Exipto está ocupado na súa maior parte por dous grandes desertos: o Sinaí e o Sahara. Hai un pobo, o dos beduinos, que aprenderon a vivir no deserto, conducindo rebaños de cabras e ovellas dun oasis a outro.

Os antigos exipcios construíron as pirámides que eran xigantescas tumbas para enterrar aos faraóns. Hai unhas 90 pirámides, algunhas son espectaculares. A Gran Pirámide de Gizeh é a máis famosa de todas, atópase na ribeira occidental do Nilo. Ten 147 m. de altura, foi o edificio máis alto do mundo ata 1887, cando se construiu a Torre Eiffel.

Moitas tumbas foron saqueadas ou perdéronse debaixo da area do deserto. En 1922 os arqueólogos ingleses: Howard Carter e lord Carnarvon atoparon a tumba de Tutankhamón. Dentro do seu ataúde estaba unha fermosa máscara de ouro do faraón Tutankhamón e moitos tesouros. Nos muros había fórmulas máxicas para protexer ao faraón; dicíase que unha espantosa maldición caería sobre o que se atrevera a profanar a tumba.





# O NÓSO HORTO


Os menos de Atención Educativa de 1º de Secundaria, os de 5º e nos os de 1º de primaria xunto coas nosas mestras decidimos facer este curso un horto no noso colexio.

As mestras e os menos de Secundaria prepararon a terra. Tamén veu o pai de Miguel acudirnos co seu motocultor.

Xa plantamos allos e chícharos. Tamén imos sementar cenouras, espínacas, leitugas, acelgas, cabacíns e cabazas.

Cerraremolos con estacas de madeira.

Pedímoslles a todos os menos da colexio que respeten as plantas e non as pisem.



Os menos non poden pisar a terra aí que preparan para que as cenouras poidan medrar. A semente vai desportarse e unha planta nova vai medrar para poder sementar.

O horto hai que regar para que as sementes poidan medrar. Pili para os froitos poder coller.

Lucía



# LÁNCARA LOVES CASTROVERDE

O venres 5 de decembro do 2008 chegaron ás portas da nosa escola os alumnos do CPI Castroverde. Ao comezo todo era estrano. Supoñíase que era un encontro e que deberíamos estar relacionándonos uns cos outros pero...ven nos entendedes! Aínda que todo cambiou cinco minutos despois, o feito de facer equipos mesturados uns cos outros, fixo que tivéssemos que poñer postas en común e polo tanto relacionarnos e falar, e falar, e falar ata o punto de pensar que nos coñecemos de toda a vida.



*Rapaces de Castroverde e do noso centro realizando unha proba tecnolóxica.*



As primeiras actividades eran de tipo intelectual e, aínda que semellaban aburridas, remataron sendo todo un "pique" entre uns equipos cos outros. Resultaron ser máis sinxelas do que semellaban. Claro, logo de tanto esforzo mental, era necesario algún que outro aperitivo, que se serviu na cociña.

*Nesta proba un grupo constrúe un puzzle de Europa con relevo.*





*Encontro deportivo.*

As 11:30 h. comezaba a verdadeira festa, é dicir, o encontro deportivo. Voleibol, axedrez, bádminton e, como non, fútbol... Nestas actividades, os visitantes sufriron unha derrota tras outra, aínda que o compañeirismo foi tan gratificante que acordamos un empate, con pasillo incluído pola nosa parte.

Foi un gran día, que quedará na memoria deste centro como un dos encontros máis fermosos e significativos, posto que nos relacionamos realmente, EN TODO O SENTIDO DA PALABRA!!



*Alumnos do Ramón Piñeiro animando o partido de fútbol.*

Por este motivo, o 16 de xaneiro de 2009, cando chegamos alá, setímonos moi a gusto. Pasámolo realmente ben... O recibimento foi inmejorable, en principio anosáronnos o colexio e despois o proceso de actividades foi semellante ao de aquí, a excepción do karaoke, no que máis de algún perdeu o sentido... Con respecto as actividades deportivas, acordamos manter as mesmas circunstancias que na Póboa. Foi unha experiencia moi recomendable e que esperamos repetir algún día!! O mellor foi a cantidade de xente que coñecemos e amigos que gañamos...



*Alumnos do Ramón Piñeiro despedindo aos rapaces de Castroverde.*

Nerea Fdez  
Sara Cela  
Vanessa Valcárcel  
4º B



Seguro que xa coñeces e oíches falar da crise que estamos a vivir mundialmente. No telexornal menciónanse termos pouco comúns na vida cotiá dunha persoa que non se adica á economía. Aquí amosámosche uns deles:

## IBEX 35

É o índice de referencia na Bolsa española. Está formado polas 35 empresas españolas máis potentes que cotizan nas catro bolsas españolas (Madrid, Barcelona, Valencia, Bilbao). Equivalería ao Down Jones de EEUU.

## BARRIL DE BRENT

Cando nas novas de prensa ou nos medios de comunicación nos falan do Barril de Bren estanse a referir a uns 159 litros de un petróleo que se saca dos xacementos do Mar do Norte e que é bolsimo para producir gasolina. Este crú é o referente no mercado europeo e cotiza en dólares na Bolsa de Londres.

O prezo do Barril de Brent é fundamental xa que toda a produción do petróleo de Europa, África e Oriente Medio véndeno ao prezo que marca este barril.

É dicir, o 65% do mundo está determinado polo prezo deste barril.

A economía mundial é absolutamente dependente do petróleo, por iso o prezo do barril sobe provócase unha subida xeral de prezos.

## IPV

O INE publica un índice trimestral novo o IPV que fai referencia a subida e/ou baixa se así fala da vivenda e compara a súa evolución co resto dos países europeos. Nos dos primeiros trimestres de 2008 prodúcese unha caída do 0,7% sobre todo as vivendas de 2ª man. Na comunidade galega (en referencia novembro) segue a venda vivenda nova e cae a venda de vivenda usada.

## ÍNDICE DE DOWN JONES

Este índice sinala o valor desas acción que cotizan a bolsa de Londres.

Son os activos das 30 compañías máis importantes dos EEUU: General Motor, MaCdonaldas, Microsoft, Coca-Cola etc.

Se estas empresas aumentan os seus beneficios as economías están en auxe.

Cando o Índice Down Jones sobe é unha boa sinal de que a economía vai ben.

## ÍNDICE DE PREZOS AO CONSUMO

O Instituto Nacional de Estadísticas informa periodicamente do seu valor. O índice vai depende a subida dos prezos, e se estivera pactado en acordos ou en Convenios colectivos dos traballadores tamén incide nos salarios.

O IPC calcúlase medindo cada mes 220 000 pezas de 491 artigos en 177 municipios españois.

No mes de setembro de 2008 estaba a suba de prezos no 4,6%.

## RECESIÓN

A recesión prodúcese cando a economía encadea o crecemento negativo de dous trimestres consecutivos.



## PIB

Produto Interior Bruto

É o medidor da riqueza dun país. Calcula a actividade económica dun país e téñense en conta: o consumo, o investimento, o gasto público, as implantacións, e a exportación.

No exercicio do ano pasado o sector servizos español foi o máis produtivo da nosa encomia seguido da industria, construción, enerxía, sector agrario, pesqueiro e os impostos dos cidadáns. O PIB español supera nestes momentos o billón de euros.

No presente ano as cousas han ser moito máis negras! de EEUU.

No noso indicador as empresas que o forman non son igual de fortes nin teñen a mesma liquidación. Telefónica, BBVA, Repsol, Endesa...- teñen maior peso e van a influir máis que outros no IBEX.

## INFLACIÓN

As familias, os cidadáns senten a inflación cando os prezos dos produtos da economía doméstica aumentan de forma que se vai perdendo poder adquisitivo.

En setembro abaratouse algo o cru e o consume relentizouse e moderouse algo a inflación.

## DEFLACIÓN

As familias, os cidadáns senten a deflación cando os prezos dos produtos da economía doméstica diminúen..

## DESACELERACIÓN

Empregase ás veces como un termo para enmascarar a palabra crise.

Os economistas empregan Desaceleración (prodúcese cando o termo PIB (Produto Interior Bruto) se relantiza menos que a crece denomínase o PIB crece negativamente

## DEPRESIÓN

En economía hai unha teoría que ven a dicir que existen uns ciclos económicos nos que cada certo tempo aparecerán período de curiosos economía.

Nos anos 90 houbo unha expansión económica moi forte e agora tocaría fase de crisis.

Na actualidade estaríamos no ciclo descendente no punto máis baixo.

Período de crise adoitan a aparecer consecuencias moi negativas para os cidadáns de a pe das que as máis temidas serían a destrución de emprego, a falla da demanda de beus e servizos e dicir freo no consumo.

Cando se computan na economía dun país dous períodos bens seguidos de situación de crise económica entrase nun período de recesión.



# Entrevistas

## D. AVELINO POUSA ANTELO

### 1-Onde naceu vostede? Cantos anos ten? Como era a súa familia? Cantos irmáns eran?

Nacín na parroquia de San Xoán de Barcala, concello de A Baña (A Coruña).

A miña familia era de labregos e comerciantes. Os meus avós maternos traballaban o campo e o meu pai tiña un comercio.

Eramos nove irmáns, tres homes e seis mulleres. Dos varóns son o único supervivente e; das mulleres aínda viven cinco.

O vindeiro 14 de maio fago 95 anos.

### 2-Onde fixo os seus primeiros estudos?

Os primeiros estudos fixémos nunha escoliña rural da miña aldea, con tres mestres de fóra: un de Alcalá de Henares, outro andaluz e outro estremeño.

### 3-Despois, que carreira elixiu e a que outros estudos se dedicou?

Fun ao Seminario de Santiago, onde estudaba meu irmán máis vello. Deixei o Seminario cando se implantou a República e fixen maxisterio na Escola Normal de Santiago, dous cursos de comercio en Lugo e xerente de cooperativas en Zaragoza.



### 4-Vostede formou parte das mocidades galeguistas. Como deu ese paso?

Ingresei nas Mocidades Galeguistas despois de asistir no Teatro Principal de Santiago a un mitin de promoción galega, que se celebrou o 10 de maio de 1931. No que faláron: Antón Vilar Ponte, o fundador das Irmandades da Fala en 1916, Álvaro das Casas, Carballo Calero, daquela aínda estudante e presidente da F.U.E (Federación Universitaria de Estudiantes), Valentín Paz Andrade e Castelao, que pechou o mitin e a min me marcou de por vida.

### 5-Como recorda a época na que participou, xunto con Castelao, na campaña do Estatuto de Autonomía de Galicia do ano 1936?

Época ilusionada na que, con Isaac Díaz Pardo e outros, percorríamos a Ría de Muros e Noia, o norte de Arousa e os arredores de Santiago, nunha camioneta pequena que nos cedera o alcalde Ánxel Casal e valéndonos de buguinas de cartón (a nosa megafonía daquel tempo)

### 6-A que personalidades do galeguismo histórico coñeceu?

A Castelao, Bóveda, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ánxel Casal, Camilo Díaz Baluña e moitos máis.

### 7-Tivo algunha relación con Ramón Piñeiro?

A miña relación con Ramón Piñeiro comezou sendo moi boa pero ao cabo do tempo xurdiron discrepancias entre nós sobre temas de galeguismo e actitudes persoais.

### 8-Sabemos que vostede pasou parte da súa vida moi preto de Láncara, en Sarria. Como recorda os anos pasados na Granxa Escola de Barreiros?

Os anos da Escola Granxa de Barreiros foron de intenso e fecundo traballo, os máis ilusionados e fructíferos da miña vida



### **9-que é o que se facía nesa Granxa Escola?**

Nesa escola faciamos un ensino baseado na vida do entorno e do traballo estacional dos pais dos nenos e nenas. Comezábamos as clases en setembro, cando os labregos araban as terras para sementar os cereais de inverno( centeo e trigo) analizábamos as terras, falábamos das plantas e como se nutrían. Ademais de ensinar todas as materias dun cumprido programa escolar, dábanse clases prácticas de plantación, enxerto e poda de froiteiras, fertilización de cultivos, tratamentos contra pragas, apicultura, avicultura, cunicultura, muxido e hixienización do leite, elaboración de queixos e manteiga. Formáronse tamén grupos de canto ,teatro e baile(Argalleiros de Barreiros) e dábanse charlas para pais e fillos os sábados pola mañá.

### **10-Estivo algunha vez fóra de Galicia? En que lugares? Que fixo ali?**

Da Granxa Barreiros marchei ao Val da Orotava na illa de Tenerife onde exercín catro anos como mestre e técnico do Cabildo Insular. En 1964 voume para Zaragoza a organizar e dirixir unha explotación gandeira , alí botei sete anos.

### **11-Militou nalgunha organización política?**

Naquela etapa da miña vida non militei en ningún partido.Para min a Falanxe(" único partido") era un fato de asasinos e procuraba que non me visen o plumeiro

### **12-Vostede é profesor. En que lugares exerceu a profesión de mestre?**

De mestre exercín na miña parroquia natal, en Castriz de Santa Comba de Sallas, en Limiñón, do concello de Abegondo, en San Xulián de Montoxo , de Cedeira, en Santa Comba, do concello de Lugo, na Granxa Barreiros de Ortoá (Sarria), na Orotava (Tenerife), En Miralbueno (Zaragoza) e finalmente en Pontecesures (Pontevedra) , onde botei os derradeiros trece anos ata a miña xubilación en 1983.

### **13-Participa na actualidade nalgunha asociación ou fundación relacionada co galeguismo?**

Actualmente son presidente da Fundación Castelao, vicepresidente da Fundación Fernandez Florez, presidente de honra da Fundación Pedrón de Ouro, e vocal da Fundación Alexandre Bóveda.

### **14-Escribiu vostede algúns libros? . Cales son os seus preferidos?**

Escribín oito libros, de todos eles subliñaría dous títulos: "Unha escola para a Galicia rural" e " Galicia Tarefa Urxente".

### **15-Gústalle o noso Concello?**

Moito, Láncara ten unhas paisaxes asombrosas.

### **16-Sabe cociñar? Que pratos da nosa cociña lle gustan máis?**

De cociñar... pouco máis que fritir uns ovos con patacas. Gústame moito o noso cocido e o polbo.





**17-Que música escoita?**

Música galega e música clásica-

**18-Como ve a situación da nosa lingua na actualidade?**

A nosa lingua atravesamos unha etapa difícil ; temos que defendela e axudala e a mellor maneira é usándoa e non deixando que se perda, pois como galegos e galegas temos o dereito e a obriga a vivirmos en galego.

**19-Que consello nos daría aos rapaces e rapazas que estamos neste intre nos institutos?**

Ser galegos e galegas bos e xenerosos, amantes primeiro do noso e logo do dos demais.

**20-Díganos que lle suxiren estas verbas?**

**Galicia:** O cerne da miña vida, nai e señora que dixera Cabanillas.

**Castelao:** Guieiro e bandeira do galeguismo.

**Lingua:** Un tesouro creado por un pobo que necesita expresarse de seu.

**Labrego:** O gran protagonista da nosa vida agraria durante séculos, que arestora está en crise.

**Mestre:** Debe ter vocación e dedicación.

**Láncara:** A vosa pequena Patria, parte importante da Galicia que queremos.



# MERCEDES FERNÁNDEZ SOUTO



**1.- Bos días, Mercedes. Para dar comenzo a esta entrevista, unha sinxela pregunta. Canto tempo levas adicándote á ensinanza?**

Levo 38 anos traballando, que se pasaron moi rápido pero isto é bo.

**2.- Que é o que máis che gusta e co que máis disfrutas de ser mestra?**

Sen lugar a dúbidas a parte educativa, é dicir, a oportunidade que nos brinda a profesión para transmitir valores (respeito, solidariedade, obediencia, coidado do medioambiente, forza de vontade para superar obstáculos...) en definitiva, axudar a formar ás novas xeracións para que deste xeito sexan no futuro máis libres e felices.

Quero destacar tamén que os alumnos fixéronme disfrutar moito coa súa vitalidade e inocencia. Persoalmente, aprendín moito deles, xa que son un reflexo dos cambios sociais que se están a producir constantemente e saben actuar con espontaneidade.

**3.- Sen dúbida, estamos orgullosos de que este sexa o colexio no que digas adeus á túa profesión Pero seguro que pasaches por outros lugares antes de chegar aquí. Cales? Por exemplo, sei que estiveches no meu antigo colexio de Xermade: ¡vaia coincidencias!**

Certo. Foi unha sorpresa moi agradable chegar aquí e encontrar a Cristina Pernas despois de coincidir en Xermade. Estiven seis anos dando clase no Instituto "Virxe dos Ollos Grandes" de Lugo.

Tamén en S. Adrián de Lourenzá, no Colexio da Ponte (Lugo), nunha escola do Concello de Pol, no Colexio de Lousada, no Colexio "Illa Verde" de Lugo, en Seoane do Courel, en Xermade e finalmente, no noso Colexio C.P.I "Ramón Piñeiro" da Pobra de San Xiao.

**4.- Canto tempo levas neste colexio?**

Levo quince anos e dende o primeiro día, sempre tiven a sensación de que éste era o meu colexio e de que acabaría aquí a miña profesión como así é.

**5.- Cales son as cousas que nel pasaches que nunca olvidarás?**

Nunca olvidarei as festas de fin de curso nas que participaban tódolos alumnos/as facendo exhibicións ximnásticas, tamén con aparatos, bailes modernos e incluso bailaban o Tango. Tamén as Letras Galegas, con obras de teatro, gaitas e exposición de manualidades.

Recordarei tamén as celebracións do Antroido, cando nos disfrazábamos alumnos e profesores e fomos pola Pobra desfilando e despois había regalos, bailes, etc.

Por último, foron moi gratos e divertidos os nosos paseos nas clases de Ed. Física ó río Neira e ó Campo da Feira (xogando ó escondite).

Non quero esquecerme das patrullas ecoloxistas que espero e desexo que continúen con esa labor no Centro e fóra del.



**6.- Todos os que fomos os teus alumnos, sabemos que rexeitas toda actitude machista. Por que consideras tan importante o respecto ás mulleres?**

Porque creo que temos unha capacidade innata e unha sensibilidade especial para transmitir valores, sentimentos e actitudes positivas ós demais, como xa o fixeron as nosas avoas e as nosas nais...  
Por outra parte, temos unha obriga coas mulleres que loitaron no pasado para conseguir a igualdade e respecto do que hoxe disfrutamos aínda que segue habendo casos de mulleres que sofren... do abuso machista.

**7.- Cales son as cousas que máis valoras nun alumno?**

Hai unhas cualidades que considero moi importantes e beneficiosas para o alumno/a.

1º.- Actitude positiva con respecto ó profesor/a e os compañeiros.

2º.- Solidariedade co grupo.

3º.- Sinceridade.

4º.- Capacidade de esforzo e superación.

**8.- Por que a xubilación sendo tan nova?**

Porque quero aproveitar a oportunidade que nos da o Ministerio de Educación de xubilarnos anticipadamente e de xeito voluntario, cumprindo uns requisitos que no meu caso están cumpridos, non por ser "nova" (grazas polo piropo) senón por levar moitos anos traballados.

**9.- Que tes pensado facer a partir de agora?**

Teño moitos plans para esta nova etapa. Hai cousas que non puiden levar a cabo, precisamente por falta de tempo, agora é o momento de facer todo aquilo que me gusta pero sen prisas, sen horarios... sobre todo adicarlle máis tempo a miña familia e ás miñas amizades.

Chegou o momento de utilizar o "chandal" só para facer exercicio.

**10.- Por último, que consello lle darías á persoa que vai ocupar o teu posto?**

Non me gusta dar consellos a un compañeiro porque estou segura de que vai a ser un bo profesional e saberá exercer como tal.

O que si lle diría e que ten moita sorte de traballar neste Colexio, donde hai unha boa disposición e plena liberdade para facer ben o seu traballo. En fin, que saiba valorar o bo ambiente que hai en toda a nosa comunidade educativa.

Só quero despedirme cunha forte aperta para todas e todos e coa seguridade de que nunca me esqueceré de vós.

**Ten sempre presente que todos che desexamos unha nova vida chea de ledicias e moita, moita sorte. Esperamos que nos recordes tanto como nós te recordaremos a ti.**



**¡Non cambies nunca!**



# Deporte para tod@s

Agora que chega o verán ímonos achegar un chisco a un deporte considerado durante moitos anos como minoritario pero que é típicamente estival e ademais conta en Galicia con cada vez maior número de practicantes, a vela, concretamente a través da historia da regata arredor do globo máis famosa do mundo, a Volvo Ocean Race.

A Volvo Ocean Race, que comezou en 1973 co nome de Whitbread Round the World Race, é máis que unha simple regata. É unha competición donde se poñen a proba tódalas aptitudes e destrezas das embarcacións e dos navegantes que fan honra a aqueles primeiros en cruzar os océanos moitos séculos atrás, na busca de atravesar as rutas comerciais no menor tempo posible.

A Volvo Ocean Race é a forma actualizada daquel espírito navegante de chegar a lugares increíbles arrodando os cabos máis perigosos do planeta. Hoxe é un dos máis grandes retos dentro do deporte mundial que convoca, nesta edición, a oito equipos de todo o mundo (entre eles dous españois).



*Instantánea do Ericsson 4 (líder da proba) navegando contra o vento cara o porto chinés de Qing Dao.*

## PRIMEIROS PASOS

A primeira edición da entóns Whitbread Round the World Race contou cos dous regatistas Sir Frances Chichester e Sir Robin Knox Johnston. Ambos eran aclamados no mundo por dar a volta ó mundo en solitario de maneira exitosa, e tamén provocaron que outros regatistas plantexaran nos círculos da náutica internacional, a mesma volta ó mundo pero con tripulación.

En 1973, largábase a regata máis longa, perigosa e esixente endexamais vista, e, se ben non puido concluírse (pois no medio dunha tormenta tres regatistas caeron á auga e perderon a vida), estableceuse un período de catro anos para continuar co soño e a aventura ante o descoñecido.



## O EVEREST DA VELA

Na edición 2001-2002, a regata pasou a chamarse Volvo Ocean Race e ata hoxe segue sendo coñecida como o "Everest da vela". Nesta edición 2008-2009, a primeira etapa largouse o 11 de Outubro no porto de Alicante, primeira vez na historia desta competición que se elixe o Mar Mediterráneo para inaugurar esta aventura que concluirá en San Petersburgo en xuño de

## NOVIDADES

Incorpóranse nesta edición as chegadas a portos da China, India e Rusia, o que a converte na competición máis longa da historia ó alcanzar máis de 37.000 millas náuticas (1 milla = 1852 metros). Así se atravesarán durante nove meses os máis perigosos mares do mundo e cruzaranse os cabos máis difíciles para chegar a Cidade do Cabo, Kochi, Singapur, Río de Janeiro, Boston, Galway, Goteborg ou Estocolmo, porto donde se cruzará a tan devecida liña de chegada. En total, as etapas desta travesía son dez, que conclúen cadansúa, en once escalas.



Esquema das etapas da V.O.R 2008-2009.

## VIDA Ó EXTREMO

Son once os tripulantes profesionais que van a bordo de cada embarcación. Todos foron especialmente entrenados para expoñerse ás dificultades e situacións límite que caracterizan a estas regatas e que fan que se experimente a vida ó extremo. Precisión máxima no seu posto de navegación, resistencia física impecable e un espírito competitivo que os manteña en pé día e noite, cos frios (-5°C) e as ondas máis intensas, ou coas calmas e calores máis insoportables (+40°C) son algúns dos requisitos indispensables para estes tripulantes de aceiro. So con pensar que se pode navegar durante 30 días seguidos sen tocar terra, coas maiores incomodidades, cos traxes de auga e a cara cheos de sal, bastan para pensar que o espírito competitivo debe ser sempre o meirande. E nin falar de que só é posible levar un xogo de roupa e alimentarse unicamente con produtos liofilizados (a través dun proceso de conxelación e postos logo nunca cámara de baleiro). Algo máis? As quendas para durmir son de apenas 3 horas!! Por iso outra carreira dentro da gran competición, será a que cada tripulante enfrente contra o seu propio soño.

Por outra banda, os tripulantes deberán confiar a súa vida ó patrón e o seu barco, que ó estar construídos ó máximo (é dicir, coas mellores tecnoloxías e ó deseño máis preciso para reducir peso e alcanzar así as maiores velocidades tendo en conta corrente, vento e ondas), poden sufrir roturas severas. Finalmente, é obriga levar dous tripulantes que teñan coñecementos de menciña, un enxeñeiro e un especialista en prensa.

Dende tódalas partes do mundo, amantes da aventura ou fanáticos da vela, seguiremos atentos este desafío único na náutica, que reúne o glamour das regatas en porto e o combina coa acción e o drama da cada unha das etapas oceánicas.

## PARA TODOS OS PETOS E IDADES

Non fai falta ser Chuni Bermúdez ou Pepe Rives (dous dos regatistas españois, -un deles galego de Ferrol- enrolados nesta regata) para disfrutar da vela, nin sequera loitar con ondas de 10 metros ou frios polares nos mares australes, calquera persoa sexa cal sexa o seu nivel económico e condición física pode pasar a tarde ou o fin de semana por puco máis de 100 € navegando nunha das nosas maravillosas rías como poden ser as de Arousa, Vigo, Pontevedra ou A Coruña. Unha vez que se empeza non se pode parar. Hai que mollarse!!!



# Debuxos e comics





E.I 4 ANOS





Animais domesticos vivem co home



vaca



ovella



cabalo



porco



galo



coelho

Animais selvaxes vivem na selva e no bosque



xirafa



oso



borboreta



tigre



serpe

INFANTIL  
5 ANOS






Cristina Cabana 1 ESO






Andrea, Nuria, Laura, David, Manuel, Nerea, Vanesa e Alejandro







# AS PERIPECIAS DE DONA OTILIA NO MERCADO MARABILLAS







Rubén Torrión Vázquez

María Martínez García

Alba Amado Ferreira

Álvaro Arrojo Vázquez

María



Alba

Álvaro






# O TESOURO PERDIDO DA ILHA







~~MARIA~~ L.P.  
MARIA LÓPEZ PÉREZ.

~~Tania FS~~ Tania Fedt

~~laura~~ laura Vila

So de Primaria



# Conto e poesías

## UN CONTO SOBRE O ESPACIO

Estábamos na biblioteca lendo un libro do espazo. De súpeto unha luz misteriosa levounos a outra dimensión. Non sabíamos onde estábamos era todo moi escuro e de repente volveu a aparecer esa luz. Tiñamos uns traxes de astronautas pero.... ¿estaríamos no espazo? Como éramos moi decididas fumos a explorar. A min parecíame que o que víamos ante os nosos ollos eran planetas por iso nos dimos conta de que estábamos no espazo. Por unha parte tiñamos medo pero tamén sentíamonos moi afortunadas por vivir unha aventura tan formidable. Saltábamos de planeta en planeta ata que un chamounos moito a atención polos seus fermosos aneis. Nel estaban uns seres moi pequenos que nos recibiron cun saúdo nun idioma moi raro . Pasaban os días e xa nos íbamos entendendo. Eran seres mais intelixentes ca nos e en dúas semanas irían a Terra, nese tempo enseñáronos a súa cultura e forma de vida e quedamos moi sorprendidas. Gustaríanos quedarnos con eles, pero tiñamos que volver a Terra porque alí estaba a nosa vida e familia. Antes de irnos quixéronos ensinar o resto do universo e fomos moi contentas a coñecelo. Nel vimos outras galaxias, cometas, asteroides, satélites...

As dúas semanas pasaron moi rápido e cando estábamos a punto de subir a nave aparecemos outra vez na biblioteca. Non sabíamos se os nosos amigos chegarían pero o que si sabíamos era que esa foi a mellor aventura que poidemos vivir.



Tiffany e Yaiza



# A BELEN E MATEO

No insondable  
dédalo  
do teu ventre  
teciches,  
teimosa,  
desafiando a náusea,  
fráxiles pentagramas  
de ADN  
inzados de corcheas  
lanzadas  
en mitótica voráxine  
cara ao infindo...  
Sons fecundos  
de melodiosas harpas  
atacando  
máxicos compases  
de negras  
en clave de amor...

Espirais eternas  
de fusas,  
perfectamente  
penduradas  
en liñas invisibles  
que ningunha orquestra  
endexamáis  
interpretou.  
Sinfonía inédita  
de vida  
composta  
con paixón.

Harmonía plena  
de violas,  
contrabaixos  
e trombóns;  
fértils acordes  
das trompas,  
do piano  
e do fagot;  
violíns agudos,  
unánimes,  
nun cromático  
allegro  
de anduriñas,  
formigueo azul  
de libeliñas  
irisando cóxegas  
no ar.

Arias de bolboretas  
latexando no teu sangue  
ao ritmo  
acompañado  
do timbal.  
Partitura única  
e perfecta,  
irrepetible creación.  
Escoita, Belén,  
da vida,  
con arroubo,  
a percusión.

# NANA PARA DURMIR A SAMUEL

Pecha os ollíños,  
meu sol,  
que vén a néboa  
do Neira,  
salta a troitiña  
lixreira  
e o sapiño  
fai ¡cro! ¡cro!

Pecha os ollíños,  
meu sol,  
e soña  
coas libeliñas  
que todas  
as mañanciñas  
espertan  
ao reiseñor.

Imos facer  
un cestiño  
con ramallos  
de salgueiro  
para gardar  
as troitiñas  
que colle o pai  
no caneiro.

Trae o vento  
soñador  
castañas  
dos castiñeiros,  
axóuxeres  
de ameneiros  
e mil cerdeiras  
en flor.

Leva arumes  
de piñeiros,  
de mazaios,  
pexegueiros,  
e do pero  
sabedor.

Mira, Samuel,  
as estrelas,  
ollíños  
de donicelas  
axexando  
no solpor.

Soña, meu neno,  
soña...

A túa nai  
vaite deitar  
nun berce  
de bolboretas  
para voar  
e voar  
por galaxias  
e cometas.

O neniño  
xa durmiu...

Polo río  
van os soños  
a cabalo  
do resío.

Xurxo (outubro de 2009)




# PARA ALICIA

Saliu cara ao Neira,  
prendeu un pitillo,  
entre os ameneiros  
mirou para o río.  
Cebaban as troitas  
papando mosquitos;  
nos prados da veiga  
cantaban os grilos  
afiando as cordas  
nas follas do millo.  
Libeliñas de lembranzas  
cabalgaban remuíños  
e ondas de doces augas  
irisadas de neníños.

Aspirou a nicotina  
mesturada co resio.

Maxinou o Neira alto  
con fervenzas e rodicios;  
con augas rebulideiras  
salpicadas de peixiños,  
augas adolescentes  
buscando incertos camiños,  
superando con bravura  
presas, saltos e muíños.




Agora, as augas, mainiñas,  
xa saben ben o camiño,  
sorteando con destreza  
as pedras e os regadios.  
Recorreron, coma ela,  
moitos lugares perdidos...

Mais o río continúa  
o seu longo recorrido.  
Vai remoendo as ribeiras,  
buscando as augas do Miño.  
Deixa aluvións de lembranzas,  
brétemas de arrechouchios,  
fondos pousos de records  
e compañeiros, e amigos.

Na aula baleira,  
petando nos vidros,  
tristes anduriñas  
buscan o seu niño.

**Xurxo**





## Para Vega.

**E**sperta o touro de abril  
na primavera de Ourense  
salpicando margaridas  
polas ribeiras de Velle.

**A**s finas cordas da Lira,  
na morna noite lucente,  
engarzan sons de estreliñas,  
de cometas e satélites.

**E** Vega brilla con forza  
neste ceo iridiscente  
xogando na vella ponte  
coas troitas e mais cos peixes.

**A** moa inmensa do río,  
aliando no abrente,  
deixa muxicas de forxa  
nas foxes do sol nacente.

**E** as Burgas, repenicando  
rexos pandeiros ferventes,  
poñen aires de verbena  
e alboradas de auga quente.

**N**un barrelo de bacelos  
de treixadura e caíño  
baixa Vega, entre as estrelas,  
arroulada polo Miño.

**C**hicho, ledó, está de festa  
cunha ola de bo viño,  
moletes de pan de Ceá  
e bicás do Carballiño.

**X**a tén na casa unha estrela;  
dous ollíños churrusqueiros,  
axóuxeres de negra noite,  
coroada de luceiros.

Xurxo. (abril, 2009)



# Música

## SEN MEDO ROSANA

Sen medo sentes que a sorte está contigo  
Xogando cos duendes abrigándote o camiño  
Facendo a cada paso o mellor do vivido  
Mellor vivir sen medo

Sen medo, o malo váisenos volvendo bo  
As rúas confúndense co ceo  
E facémonos aves, sobrevoando o chan, así  
Sen medo, se queres as estrelas envorco o ceo  
Non hai soños imposibles nin tan lonxe  
Se somos como pícaros  
Sen medo á tolemia, sen medo a sonreír

Sen medo sentes que a sorte está contigo...

Sen medo, as olas acariñanse co lume  
Se alzamos ben as xemas dos dedos  
Podemos no bico dos pés tocar o universo, si  
Sen medo, as mans échensenos de desexos  
Que non son imposibles nin están lonxe  
Se somos como pícaros  
Sen medo á tolemia, sen medo a sonreír

Sen medo sentes que a sorte está contigo...

O malo váíllenos volvendo bo  
Se queres as estrelas envorco o ceo  
Sin medo  
á tolemia, sen medo a sonreír



## CANDO AMANECE ESTOPA

Cando amanece o día  
e o ceo pinta os teus ollos negros  
vaia sorte a miña  
que poida verte nese momento  
se me nubran os ollos  
se me envelenan os pensamentos  
pensabas que vivía dentro dun conto  
con argumentos  
pensabas que sentía o que eu sento  
sempre por dentro  
e ami se me nublan os ollos  
se me envelenan os pensamentos  
bicoche e non me responden os ósos  
e páralleme o tiempoooo  
páralleme o tiempoooo  
e eu quéroche bicar  
bicar os teus beizos de caramelo  
e que me leve o demo se non che quero  
que eu pñoome a pensar  
ser un poquito mais libre  
e poder remontar o voo  
contigo quero voar  
para poder verche desde o ceo  
en busca dun imposible que se escapa  
entre os meus dedos  
busco a sabiduría  
no cofre dos teus pensamentos  
coas túas chaves eu abriría  
todas as portas do universo  
e eu que vivo soñando  
o meu corazón latexa a contratiempo  
pensabas que abriría  
todas as portas do universo  
pensabas que sentía  
o que to sento sempre por dentro  
e ami se me nublan os ollos  
se me envelenan os pensamentos  
bicoche e non me responden os ósos  
e páralleme o tiempoooo  
páralleme o tiempoooo  
e eu quérote bicar  
bicar os teus beizos de caramelo  
e que me leve o demo se non che quero  
que me poño a pensar  
ser un pouquiño mais libre  
e poder remontar o voo  
contigo quero voar  
para poder verche desde o ceo  
en busca dun imposible que se escapa  
entre os meus dedos

ADRIAN RODRIGUEZ HERMIDA  
ALEJANDRO URREA CAMACHO  
ALFONSO MARTINEZ FERNANDEZ





# La Oreja de Van Gogh te busca

Xoves  
La Oreja de Van Gogh

Se fora máis guapa e un pouco máis lista,  
Se fora especial se fora de revista,  
Tería o valor de cruzar o vagón  
E preguntarche que es

Sentaste en fronte e nin te imaxinas  
Que levo por ti a miña saia máis bonita,  
E ao verte lanzar un bocexo ao cristal  
Inúndanse as miñas pupilas.

De pronto mírasme, mírote e suspiras  
Eu cerro os ollos, e ti apartas a vista  
Apenas respiro fágom pequeniña  
E póñome a temblar

Así pasan os días de luns a venres  
Como os gorrións do poema de Becquer  
De estación a estación  
Enfronte ti e eu vai e vén o silencio

De pronto mírasme, mírote e suspiras  
Eu cerro os ollos, e ti apartas a vista  
Apenas respiro fágome pequeniña  
E póñome a temblar

E entón ocorre, espertan os meus beizos  
Pronuncian o teu nome tateando  
Supoño que pensas que moza máis tonta  
E quero morrer

Però o tempo párase,  
Acércaste dicindo,  
Ainda non te coñezo e xa te boto de menos  
Cada mañá rexeito o directo e elixo este tren

Xa estamos chegando, a miña vida cambiou,  
Un día especial este once de marzo,  
Cóllesme a man, chegamos a un túnel



# CINÉMATHEQUE

## UNHA AMIZADE INOLVIDABLE (LE RENARD ET L'ENFANT)


Trátase dun interesante filme francés de aventuras e natureza, dirixida por **Luc Jacques**, que debutou co famoso documental sobre a vida dos pingüíns, **A viaxe do emperador**, polo que gañou o **Oscar ao Mellor Documental**. O director francés pasou á ficción sen abandonar totalmente o documental, pois neste traballo mestura ambos xéneros.

### Sinopse

Unha mañá de outono, unha nena descobre un pequeno raposo no recuncho dun camiño próximo á súa casa. Emocionada pola súa beleza, deixa atrás todos os seus temores e vai ao seu encontro nun entorno salvaxe e secreto que nunca antes imaxinara. A sorprendente amizade que xorde entre a nena e o raposo acabará con todas as barreiras comunicativas que separan aos homes e aos animais. A aventura en plena natureza cambiará a vida da pequena e a súa visión do mundo.

Desde as primeiras escenas o espectador atópase mergullado nun fermoso documental mesturado cunha historia sinxela, o que case o converte tamén nunha película familiar ou de aventuras, de gran beleza polas espectaculares imaxes da paisaxe e dos bosques.

A historia en si, como xa dixemos, trata dunha nena e dos seus trafegos para domesticar ao animal, e de como vai aprendendo do bosque, dos seus perigos e dos límites que conleva amar un animal. O filme amosa unha mensaxe universal: amar non é o mesmo que posuír.



Marta Taboada López 3ºB  
Noemí Gonzalez López 3ºB  
Tamara 4ºA

## A CLASE (ENTRE LES MURS)



Pelicula francesa dirixida por **Laurent Cantet**.

### Sinopse:

**François** é un novo profesor de lingua francesa nun instituto difícil, nun barrio conflictivo. Non dubida en enfrontarse aos demais en estimulantes batallas verbais. Pero a aprendizaxe da democracia pode implicar auténticos riscos. **François** e os demais profesores, cheos de boas intencións, desexosos de aportar o mellor deles á educación dos seus alumnos, ármanse contra o desalento. Pero as culturas e as actitudes enfróntanse na aula e, por moi divertidos e estimulantes que sexan os adolescentes, os seus comportamentos poden cortar de raíz o entusiasmo dun profesor. A tremenda franqueza de **François** sorprende aos seus alumnos, pero o seu estrito sentido da ética camaléase cando os mozos empezan a non aceptar os seus métodos ...




**A clase** é unha adaptación libre da novela "Entre les murs". Conta a historia de François, un xove profesor de lingua nun instituto situado nun barrio conflitivo. Este film, que os críticos calificaron como "magnífico", levou a **Palma de Ouro no Festival de Cannes** (a primeira película francesa que conseguiu o máximo galardón no festival despois de 21 anos). O filme de **Cantet** deixa atrás o sensacionalismo e, en forma de docudrama, retrata con gran realismo a sociedade multirracial francesa, sen ningún tipo de xuízo. Desde o primeiro momento, o espectador séntese atrapado, especialmente polos seus grandes diálogos.



Tania López 3º B  
Vanessa Toirán 3ª B  
Rocio 4

## WASABI



Trátase dunha comedia de acción con elementos dramáticos, dirixida por **Gérard Krawczyk** coa participación de actores franceses e xaponeses, entre os que destacan **Jean Reno, Michel Muller, Ryoko Hirose** ou **Carole Bouquet**. A pesar de tratarse dunha película de acción á francesa, contén claras influencias do cinema estadounidense.

### Personaxes

- Jean Reno** no papel de **Hubert Fiorentini**. Un policía duro, provisto dun gran corazón, que foi incapaz de esquecer o seu gran amor de mocidade, **Miko**.
- Michel Muller** no papel de **Momo**. é un antigo compañeiro nos servizos secretos franceses de **Hubert Fiorentini**, por quen sente unha gran devoción.
- Ryoko Hirose** no papel de **Yumi**.
- Carole Bouquet** no papel de **Sophie**. A medida que avanza a trama, o seu recordo esfúmase rapidamente, ao reaparecer de novo o recordo de **Miko**.

### Sinopse:

**Hubert** é un inspector de policía cuns métodos pouco ortodoxos, pero cun tenro corazón, ao que obrigan a coller unhas vacacións forzadas. Dous días despois recibe a chamada dun avogado desde **Tokyo**, quen lle comunica que a muller da súa vida, que desaparecera 20 anos atrás, faleceu, deixándolle -non diñeiro, nin presentes, nin nada material-, senón a súa propia filla, **Yumi**, unha extravagante adolescente, adicta a ir de compras, e con douscentos millóns de dólares na súa conta.

Alfonso Martinez, Daniel 3º B



## BENVIDOS O NORTE (BIENVENUE CHEZ LES CH'TIS)

Alejandro Arcos Capón 3ºB  
Laura 4º A

Comedia francesa dirixida por **Dany Boon**.

**Sinopse:**

**Phillippe Abrams (Kad Merad)** é un empregado de correos que destinan, en contra da súa vontade, a **Bergues**, unha vila próxima á fronteira con **Bélxica**. **Phillippe** pensa que vai ser un lugar horrible, no que se fala unha lingua inintelixible, o "patois" do norte (de aí viría 'Ch'tis'). Cando chega alí, descobre que é un lugar idílico, con xente encantadora. Con todo, a súa muller, que non se trasladou a Bergues con el, pensa que **Phillippe** vive nun auténtico inferno, e el mantén esa crenza co fin de esperar a súa compaixón. Conségueo ata o día en que ela anuncia que o vai visitar. A **Abrams** no lle queda máis remedio que pedirles aos seus novos amigos e veciños que interpreten a farsa que lle contou á súa dona.

Non é estraño que **Bienvenidos al norte** batara o récord de recadación no seu país de orixe, Francia, pois o filme de **Dany Boon** ten todo o que caracteriza ás mellores comedias: uns personaxes entrañables cos que o espectador se pode identificar facilmente; unha historia, aínda que previsible, é agradable; unha comedia costumista con toques románticos. Estes elementos fan do filme un produto para todo tipo de público.


O problema que pode presentar esta película é o localismo, que xoga constantemente con referencias ao estilo de vida da xente do norte de Francia e, en especial, á súa fala.





# PASATEMPOS

Encrucillado  
en  
Inglés



Horizontal

- 1 brazo
- 3 pé
- 4 cabelos
- 7 olhos
- 8 man
- 10 orelhas

Vertical


- 2 boca
- 3 dedo
- 5 dentes
- 6 cabeça
- 9 nariz

Rayko y Manuel L.

6<sup>a</sup>


## Sopa de letras

Atopa nesta sopa de letras en inglés as seguintes palabras.



- espalda
- orella
- ollo
- pez
- pe
- man
- cabeza
- perna
- boca

## Numbers Crossword



Down

- 2. t \_\_\_\_\_ 3
- 3. f \_\_\_\_\_ 5
- 4. o \_\_\_\_\_ 1
- 5. s \_\_\_\_\_ 6
- 6. n \_\_\_\_\_ 9
- 7. t \_\_\_\_\_ 2

Across

- 1. e \_\_\_\_\_ 8
- 3. f \_\_\_\_\_ 4
- 5. s \_\_\_\_\_ 7
- 7. t \_\_\_\_\_ 10

Como saudamos en  
inglés?



**GOOD  
BYE**



**GOOD  
NIGHT**

55 Carlos e Alex 6<sup>a</sup> primaria



## Pregunta e resposta

She is Susan. She likes ice cream. She lives in London. She has got long hair. She is very happy and she loves cats.

¿Como se chama esta nena?

¿Gustalle co xeador?

¿Onde vive?

¿Come ten o cabelo?

¿É alegre ou triste?

¿Que animal e o seu preferido?

Yusea e Tiffany  
6e



- O pai de túa nai é o teu... g \_ \_ \_ d
- O irmán de teu pai é o teu... u \_ \_ e
- A irmá de teu pai é a túa... a \_ \_ t
- O fillo do irmán de túa nai é o teu...  
c \_ \_ \_ n
- A nai de teu pai é a túa... g \_ \_ \_ a
- Túa nai é a... de teu pai... w \_ \_ e
- Teu pai é o... de túa nai... h \_ \_ \_ \_ d
- Se teus pais tivesen outro fillo sería o teu...  
b \_ \_ \_ \_ r
- Se teus pais tivesen outra filla sería a túa...  
s \_ \_ \_ \_ r
- Ti es de teu país o seu...  
s \_ n ou d \_ \_ \_ \_ r



Javier López Díaz.  
1º ESO - B



## ATOPA ESTES GRUPOS DE MÚSICA NESTA SOPA DE LETRAS

QUEEN  
PEREZA  
MECANO  
BEATLES  
DOVER  
PIGNOISE  
ESTOPA  
RIHANA  
MELENDI  
SHAKIRA

Q	U	E	E	N	I	Q	Q	M	B
S	C	A	C	A	Z	E	R	E	P
H	J	P	L	A	R	H	A	C	W
A	A	J	Z	X	C	T	F	A	S
K	O	P	P	D	L	D	D	N	A
I	I	Y	O	E	D	G	S	O	N
R	T	V	S	T	S	H	G	H	A
A	E	T	R	S	E	N	M	Q	H
R	E	E	M	E	L	E	N	D	I
P	I	G	N	O	I	S	E	Z	R





## ENCRUCILLADO

### HORIZONTAIS

1. Prato típico feito con arroz
- 2.....Azul francesa.
- 3.Capital de España.
- 4.Animal parecido ao can e que non está domesticado .
- 5.Templo da.....Familia en Barcelona.

### VERTICAIS

- 1.No verán fai moito....
- 2.Cidade onde se celebra o San Fermín.
- 3.Famoso palacio árabe na cidade de Granada.
- 4.Capital de Noruega.
- 5.O Nilo é o .....máis longo do mundo.
- 6.Nôtre .....é a catedral de París.



Os antigos exipcios colocaban as momias en ataúdes de madeira, cubertos de fórmulas máxicas para protexer asos mortos. Estes dous ataúdes parden iguais pero teñen 3 detalles diferentes. **DESCÚBREO.**



# OS XIRASOIS

Os xirasois é unha serie de diferentes cadros pintados polo holandés Vincent van Gogh cando vivía na "casa amarela" en Arlés, no sur de Francia.

O primeiro desta serie data de 1888, o mesmo ano no que van Gogh -despois dunha disputa con Gauguin- se automutilou cortándose unha orella (de aí o nome do grupo pop "La oreja de Van Gogh").

A serie mostra os xirasois nas súas diferentes etapas, dende plenamente en flor ata que se marchitan.

Van Gogh en vida non foi recoñecido e pasou moitas penurias, incluso dependía economicamente do seu irmán Theo.

Paradóxicamente, cen anos despois da súa morte, un cadro desta serie vendeuse por uns 40 millóns de dólares.



*Engade un cadro máis a serie coloreando o teu.*



<http://www.schoolplaten.com>






# TANGRAM


O tangram é un xogo chino moi antigo. Consiste en formar diferentes siluetas con 7 pezas sen solapalas, coma se fora un puzzle.

Calca e recorta as pezas nunha cartulina ou cartón e constrúe as figuras propostas. Podes atopar máis en internet, hai centos de siluetas!

Recorda que tes que utilizar en cada figura todas as pezas sen solapalas, 5 triángulos (2 grandes, 1 mediano e 2 pequenos), 1 cadrado e 1 romboide.







Maquetación: Sonia González Varela. Departamento de Debuxo  
Portada: Diego Rey e Omar Piñeiro; Contraportada: Tamara Salgado. 4º ESO



# RAMMOL

# Pineiro



CONCELLO DE LANCARA  
Delegación de Cultura

XUNTA DE GALICIA  
PREBENDIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

WWW.CENTROS.EDU.XUNTA.ES/CPIRAMPOLINEIRO

CONÉCTATE

2008-2009

L A N C A R A P A R A M O C O R G O

